



RESUME TÉCNICO

A proposta escénica e orixinal do Coro Galego Cántigas da Terra combina pezas vocais, instrumentais, bailes, combinacións destas, e en ocasións, teatro ou outras posibilidades.

O coro forma 2 ringleiras paralelas en forma de arco e a un mesmo nivel (aprox. 20 homes detrás, e 20 mulleres diante). Nesta disposición, a zona instrumental (2 ou 3 gaitas + tamboril + bombo) sitúase á dereita (mirando desde o público) fusionándose cos tenores. Tamén hai 1 pandeireta tocada por un vocalista desde a súa posición, con maior protagonismo nas pezas sen gaitas. Nas pezas cantadas que teñen gaita hai normalmente máis acompañamento de percusión entre os coristas (pandeiro, cunchas...). O director está no centro, de fronte ao coro e de costas ao público. A distancia entre os extremos do arco ronda entre 8 e 10 metros.

Parte do repertorio vocal e/ou instrumental ten, ademais, baile. Neste caso, o director retírase da posición central hacia un extremo deixando este espazo libre para os bailadores, normalmente de 1 a 4 parellas, podendo chegar a 8 ou 9.

Nas pezas non cantadas nen bailadas, incorpóranse máis gaiteiros e sitúanse diante, nunha 3ª fila, co coro detrás. Cando o espazo o permite, pódese considerar a súa posición no lateral.


Especificacións para microfonía e amplificación

No caso de espazos abertos para concerto, e cando o programa inclúe repertorio non vocal, sóese precisar unha dobre configuración de microfonía, é dicir, unha para o repertorio cantado con gaitas e percusión, e outra para o repertorio exclusivamente instrumental. É habitual que ambas configuracións se intercalen ao longo da actuación.

En espazos reducidos non se precisa ningún tipo de microfonía. En emprazamentos de dimensión moderada pódese considerar, aínda tendo amplificadas as pezas vocais, non amplificar as pezas instrumentais. E para grandes espazos decidírase *in situ* a posición dos músicos nas pezas instrumentais, frontal (diante) ou lateral dereito (ampliando o arco).

(Esquemas gráficos na outra páxina)

Esquema xeral:



Posibilidade alternativa para grandes espazos:

